



ANO XXIX • Nº 799 - Do 30 de novembro ao 13 de nadal de 2009



**Ellacuría: 20 anos de presenza**

# A foto que fala

Un político na neveira  
[Foto cortesía de Marisa Vidal].



## O trasno As necesidades humanas e o xuíz separatista

Daniel López Muñoz

Ou, mellor, separador. O do vulgado número 6 de Alcorcón que considera que a lingua galega non é alá moi útil. Algo así apuntaba Castelao, que os separatistas son eles, os que non saben integrar e valorar, alegrarse, en definitiva, da diversidade nun todo común e plural. É a síndrome mesetaria. Pero hoxe non vai diso, senón do curioso concepto de Utilidade e Necesidade que hai detrás de certas posturas.

Se algo é necesario, é útil. Pero, que é o necesario e, xa que logo, útil para as persoas? Se nos fiamos da poderosa ideoloxía consumista, as necesidades son infinitas, tantas como os desexos inducidos pola publicidade. A escola do desenvolvemento a escala humana sinala, en troques, que as necesidades humanas, as que cómpre satisfacer para sermos felices, son limitades, finitas, basicamente as mesmas en toda época e lugar. Aínda máis, son nove, e ousan enumeralas: subsistencia, protección, afecto, entendemento, creación, participación, lecer, identidade e liberdade.

De tanto BMW, tanta “xente guapa”, tanto berlusconciño, chegamos a con-

vencernos de que o máis útil é o máis vulgar e perralleiro, a pasta gansa e as trapalladas que compramos con ela. A poesía non é útil, porque sobra; a filosofía non é útil, porque non fabrica obxectos; a fe e a utopía non son útiles porque son ilusas; as boas maneiras non son útiles porque son unha perda de tempo; a ética non é útil, porque estorba; as culturas e as linguas “distintas”, non son útiles, porque son un luxo caro en tempos de contención do gasto.

Porén, a lingua dun sitio é sempre útil, e non só porque fortaleza a identidade, o cal é obvio, senón porque favorece o entendemento, amplía a posibilidade de creación, diversifica os afectos, anima a participación, posibilita a liberdade de elección, abre portas novas ao lecer, e mesmo pode ser un bonito medio de subsistencia. Entender a xente, crear e recrear, sentirse parte, querer unha forma de ser, superar complexos e condicionamentos.

O galego é útil, non porque sexa unha bandeira partidaria, senón porque é unha portiña máis á felicidade nosa de cada día.



# Editorial As Caixas dos tronos

Asistimos desconcertados a esta maraña de novas sobre o futuro das dúas caixas de aforro galegas. Malia a animadversión que xeran as entidades de aforro (tanto caixas como bancos), todos somos conscientes do papel fundamental que teñen no bo funcionamento da nosa economía. Sen entidades que garantan e invistan os nosos aforros, e aporten financiamento ás familias e ás empresas, unha sociedade non pode funcionar. A crise que vimos sufrindo neste último ano demóstranos que sen un bo sistema financeiro a economía se esfarela. Se non nos confían os seus cartos, nin crecemos nin podemos crear emprego.

## É evidente o arraigo social que estas dúas caixas teñen na nosa terra

aposta decidida pola economía produtiva galega e polo gasto social. A posibilidade de que nas decisións das caixas participen políticos a través dos seus consellos de administración ofrece posibilidades esperanzadoras para que os fins delas sexa máis social, pero demasiadas veces uns resultados desconsoladores ao ver como se utiliza ese poder.

Aínda así, cómpre lembrar que se comparamos a parte dos seus beneficios que dedican as dúas caixas galegas a gasto social resulta que é moi superior á que aportan a maioría das caixas de aforros do Estado. Ademais, é evidente o arraigo social que estas dúas caixas teñen na nosa terra, estando presentes en moitos proxectos económicos que benefician a nosa saúde económica. O seu incerto futuro non fai presaxiar ningún resultado bo. Ante a imperiosa necesidade de buscar aliadas, Caixa Galicia e Caixanova teñen problemas diferentes, necesidades parecidas e (parece) respostas incompatibles.

O peor que nos pode pasar é que nuns anos as nosas dúas entidades de crédito sexan absorbidas por caixas foráneas que vaian paseniñamente adecuando os fondos das caixas galegas a obxectivos que en nada van coincidir coas necesidades galegas. Perdida a decisión sobre o seu funcionamento e desarraigadas do seu entorno, se o seu presente é preocupante, o noso futuro pode ser penoso.

Porén, a fusión das dúas caixas supoñería un duro revés para moitos traballadores que sen dúbida perderían seus postos, polo que sería desexable un proceso suave de transición e con sentido social.

En calquera caso esta cuestión preséntase como o gran desafío de Feijoo que debería reaccionar fronte aos movementos do PP madrileño de liquidar as “caixas autónomas” e desafiar os enfados de Rajoy con aqueles que atrancan as absorcións das caixas periféricas polas grandes caixas españolas.

E o que vale para todos vale para Galicia. O noso país require de entidades de crédito que non só saiban gardar os nosos cartos, senón que fagan unha

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



Algúns temos a sorte de ter estudado nun colexio deses que teñen historia. Os que así o fixemos sabemos que compartimos con moita xente certos costumes, tradicións, manías e incluso ditos que só son característicos da xente que pasou por ese colexio. Por

así dicilo forma parte do ADN non xenético de cada un de nós.

No momento que escribo estes Rumores de Esperanza un deses colexios está de aniversario. Trátase da Compañía de María de Santiago. Cumpre 250 anos. Hoxe é un deses días que nos colexios hai festa rachada.

Todo o profesorado anda den-  
de hai tempo de cabeza, dun lado a  
outro preparando os detalles dunha

homenaxe que é ben merecida. Son moitas as xeracións de rapazas santiaguesas (ultimamente tamén rapaces) que pasaron por ese colexio. Alí aprenderon moitas cousas e gardaron no seu ser moitos elementos que achegaron un xeito especial de ser e vivir dentro da sociedade santiaguesa e universal. Como se di en todos os aniversarios diante da torta, parabéns e que cumpras moitos máis.

Cando chegue este número de Irimia ás túas mans xa estará comezando o Advento. Tamén estará rematado o “Achegarte”, a feira que substitúe o Cultural. Tempo de esperanza. A cultura e unha boa educación son signos de esperanza. Benvido, Achegarte. Feliz aniversario, Compañía.

1



3



2



4



## A peneira

1

O santo André é a festa de **ESCOCIA**, un país que estimulou a Xeración Nós, na súa teima polas 7 nacións celtas. Mesmo verteron á nosa identidade, lendas de alí, na liña dos escritores Carlyle e Scott. Agora estudan galego na Universidade de Stirling. Foi Plácido R. Castro (1902-1967) o que máis escribiu sobre Escocia. Agora preparan o referendo sobre a súa independencia apoiándose na política eficaz de autogoberno de Alex Salmond, que está a dotalos de servizos públicos exemplares.

2

O 29, eleccións en **HONDURAS**, ilegais debido ao golpe. Un país estratéxico para os países da rexión, porque o 30% das exportacións, circulan pola única estrada que os vertebra. Na foto, Reyes Vázquez da Coruña, traballando alí, nunha ONG, que loita contra a miseria, unha lacra que afecta a dúas de cada tres familias na cidade, e catro de cada cinco no rural. As desigualdades derivadas das exencións fiscais aos empresarios, fan que o 90% dos universitarios pertencen ao 20% da poboación, os máis ricos.

3

A expulsión de A. Haidar, a **"GANDHI SAHARIANA"**, por Marrocos e permitida por España é máis do mesmo. Non fai máis que urxir a independencia do Sáhara, ante a desidia internacional. Dende o 65, a ONU, en todas as Asembleas, urxiu a España á descolonización. Xa moito máis tempo, a República Árabe Saharaí (1976), segue agardando o referendo prometido, desmantelada polos colonizadores e ocupada por Marrocos.

4

O 1, o Seminario sobre **"LINGUA**, Sociedade e Política", no Consello da Cultura, analiza a situación sociolingüística. Na segunda sesión, os modelos posibles de oficialidade e regulación lingüística no sistema educativo. A terceira, nos medios de comunicación e socioeconómicos; e a cuarta, os modelos de convivencia para o futuro. Anticipo das Xornadas sobre a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, o 22 de febreiro de 2010, sen esquecermos o ámbito luso-brasileiro. Na foto, unha pintada en Ponferrada.

6



8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

Suazilandia ten un 26,1% de enfermos de **SIDA**, marcados cunha tatuaxe. Morren 10.000 por ano. Nun decenio, a esperanza de vida baixou o 31,3%. Dous terzos de 1,2 millóns, viven con 0,60 €/día. Vense esquilados polo rei, que dilapida os fondos públicos cun boato extremo e derrama a axuda dos contribuíntes da UE e dos EUA. Inglaterra apoia esta ditadura monárquica e denuncia a Zimbabue, antes Rodesia, esganada por un tirano que leva 28 anos no poder coa manipulación de eleccións. O cólera ameaza a 70.000 e 7 millóns viven na fame.

6

A primeira **VACINA CONTRA A SIDA** en 20 anos reduce o contaxio nun 30% e foi descuberta por científicos de Tailandia, -onde morreron 400.000, e 600.000 están infectados-, e EEUU. 7500 morren ao día polo VIH, de 33 millóns enfermos. A primeira causa de morte en África, con 22 millóns. En Latinoamérica con 1,7 millóns, hai 140.000 casos novos ao ano. Na foto, a enfermeira Begoña Hermida, de Rodeiro, traballando en Mozambique, onde o 16% ten sida ou VIH, con 600 médicos para 22 millóns.

7

A fuga de ácido en Elnosa, o 13, vólvenos á **RIA DE PONTEVEDRA**, a terceira máis grande, con 80.000 cidadáns e con vertidos directos e sen depuradoras. O Supremo devolve ao estado orixinal o peirao de Marín, apoiando a Plataforma en defensa da Praza de Placeres e contra os recheos. Só o emisor submarino de Ence, verte 40.000 m3 de lixo ao día, con 9 tonteladas de sólidos en suspensión. A depuradora de Praceres, unha das 2 da ría, recolle os residuos da celulosa. As 3 confrarías claman polo marisqueo.

8

O 30, a **VÍA CAMPESIÑA** maniféstase fronte á VII Conferencia da OMC, en Xenebra e contra a agroindustria, as multinacionais, que afunden as/os labregos na miseria. É o caso da comercializadora de grans, Cargill, gañou un 70% máis no 2008, ca no 2009, mentres o agro non sostén os produtores. Moitos e moitas sofren unha alimentación máis nefasta, e máis fame ao tempo que se destrúe e se maipula o medio e os alimentos, apropiándose das terras e matando os seus donos. Monsanto sementou 12 tipos de millo transxénico aquí, e as administracións impiden a localización e indicación con etiqueta, un dereito dos consumidores.



# Política Don Alberto I O Desmantelador

Lupe Cendal



Traballadoras e traballadores do Consorcio nun acto de protesta.

Sabemos ben que a situación é de crise e que cómpre usar con mesura os cartos públicos. Admitamos que en época de bipartito houbo moito de bigoberno e de competición, moi machista ela, por ver quen a tiña máis grande diante do electorado –a capacidade de gasto, quero dicir. Concluamos que ir de farol non é nada exemplar e que son, estes, tempos de menos alegrías orzamentarias e de contención.

Pero no que se está facendo desde a Xunta prevalece, desgraciadamente, o criterio de “masacrar” os perdedores, que son os anteriores e, con eles, a todo o que fixeron. E niso, cousa da que non se decatan estes señores e señoras do PP, perdemos todos e todas.

“Sostenella y no enmendalla”, que era o lema político e vital dos fidalgos españois de outrora, esa é a consigna. E por iso faise cosmética de aforro, malvendendo o parque móbil da Xunta, que eran audis socialistas e fraguistas, mercando coches novos, que son Citroens do PP albertista. E por iso non se repara en gasto para facer unha consulta absurda e tecnicamente infumable sobre o galego

aos pais, cando os tribunais están dicindo que os dereitos teñen límites e que os contidos da escola se determinan por lei e aplícaos o goberno.

E, o que é peor, desposúese dunha expectativa de dereito a proxectos empresariais que tiñan gañado o uso de dominio público no famoso concurso eólico, por pura “sostenella”, sen calcular o que iso pode chegar a custar en indemnizacións. Por non falar das oficinas de Igualdade e Benestar do non menos famoso Consorcio, asunto no que, tras inxuriar os seus traballa-

## prevalece, desgraciadamente, o criterio de “masacrar” os perdedores

dores, se anuncia o seu desmantelamento, cando se trata duns recursos humanos para os máis marxinados, que teñen financiamento europeo e que están, ademais, cobrando menos que calquera traballador da Xunta ou dun concello normal na mesma categoría profesional.

Odio ao vencido. E, mentres, don Alberto, forxándose a base de méritos propios e do seu círculo máis íntimo de cabezas pensantes –ou quizais “odiantes”- a imaxe de perfecto desmantelador: dos equipos de normalización (por asfixia económica); do centro galego de desenvolvemento de aplicacións informáticas de software libre “mancomún”; das normas de calidade de vivenda e de control urbanístico (no que se volve á “normalidade gallega”, para alegría dos alcaldes da FEGAMP e demais “ur-

banizadores” aos que Galicia tanta desfeita debe); da aposta pola vivenda pública; etc, etc.

Don Alberto e o seu equipo necesitan curación, máxime en tempos de crise e austeridade, porque o odio é un estrago da enerxía do corazón, e o corazón tamén ten algo que ver coa acción de goberno.



# O Peto do Santo Antón


Rubén Aramburu

Chega o tempo do advento e decido retirarme uns días no silencio do claustro de Armenteira. Estou só na hospedaría, coa intuición de que as monxas do Císter andan non moi lonxe traballando e rezando. Non hai TV nin radio, e non se bota en falta. As horas corren entre o estudo e a oración, coma se o mundo non existise aí fóra. Ás catro da mañanciña paseo polo claustro, e entre os arcos descubro un mundo de estrelas, as primeiras en rezar os maitines cósmicos. Lembro a Merton, aló en Xetsemaní de Kentucky, quizais paseando pola neve. Sentirse parte de todo e deixar de ser un mesmo, non si, meu santo amigo?

O río Armenteira baixa pleno de augas despois das últimas chuvias, e como di o proverbio: canto máis cheo vai o río fai menos barullo...ben certo! Paga a pena achegarse e percorrer a Ruta da Auga e dos Muíños que arrinca ao pé do Mosteiro. Naquelas augas ceibes baixa a patria liberada! As monxas, menos unha, todas chegadas de fóra, erguen as mans e cunha sensibilidade abraiante rezan en galego: noso pai que estás nos ceos...e o latín pai da lingua envolve misterioso a Salve cisterciense coas luces extinguidas.

É advento e volvo ao mundo e prendo a radio do coche; Rajoy e Zapatero defenden o seu ego nunha comedia que resulta absurda desde o corazón do cenobio. De lonxe percibo un murmurio: Rorate caeli desuper, et nubes pluant iustum. Debe ser o río que canta esperanzas para esta nosa terra e esta nosa xente.

Ceo cun mariñeiro: despois de 6 meses nas Malvinas e quince días en terra non mirou un pataco do soldo. O armador asiste puntual a unha novena con procesión, hai fotos nos xornais e nas crónicas locais. Que se abran os ceos e chova xustiza!!! O mariñeiro, tras seis meses fodidos no mar, sabe que ten que marchar antes do Nadal outros seis meses. O chofer do armador limpa o mercedes cun pano florentino. Noutros mares renace a esperanza nos mariñeiros secuestrados, e por aquí a preocupación é o nocello de Cristiano Ronaldo: e xogará contra o Barça? Ven!



## © CARRABOXO por ROBE LOIS



# Horizonte Universal

Jon sobriño



## OS MÁRTIRES DA UCA. ESIXENCIA E GRAZA

Extracto do discurso pronunciado na Universidade de Santa Clara, California, o 5 de novembro de 2009.

**Hai vinte anos asasinaron os meus irmáns xesuítas da UCA, a Julia Elba e Celina. Sobre estes mártires quero falarlles, con agradecemento polo que foron e fixeron, pero tamén coa convicción de que é vital mantelos vivos e de que sería fatal deixalos morrer. Os mártires, eles e elas, confróntannos con nós mesmos sen escapatoria, alumean as realidades máis profundas do noso mundo e o que hai que facer con el.**

No mundo que chamamos de abundancia, a palabra “mártir” produce estranxeza, mesmo repulsión, pero entre nós -e aquí asoma o paradoxo cristián- tamén produce luz, ánimo e agradecemento. Por iso non deberiamos permitir que a palabra “mártir” perda o seu vigor.

### **Os xesuítas da UCA, mártires xesuítanos**

Comezamos cos seis xesuítas. Logo de Medellín, 1968, e tocados polo sufrimento do pobo “convertéronse”. Aceptaron que ser xesuíta é “loitar”, non só traballar. “Loitar pola fe”, e máis sorprendente aínda, “loitar pola xustiza”. A súa morte confirmou o que a mesma congregación previra lucidamente: “Non traballaremos na promoción da xustiza sen que paguemos un prezo”.

Os mártires da UCA fixérono cada un segundo os seus talentos, e é bo recordalo para que todos poidamos sentirnos cuestionados e animados. Permítanme detallalo minimamente. Ellacuría, 59 anos, filósofo e teólogo, reitor. Repensou a universidade desde e para os pobos crucificados. Puxo todo o seu peso para combater

a opresión e represión e para conseguir unha paz negociada. Segundo Montes, 56 anos, sociólogo, fundador do Instituto de Dereitos Humanos. Concentrouse no drama dos refuxiados dentro do país e sobre todo dos que tiñan que abandonalo, os emigrantes, que entón fuxían da represión violenta e agora da fame e a falta de traballo. Visitáboas nos campos de refuxiados en Honduras. Ignacio Martín-Baró, 44 anos, psicólogo social, pioneiro da psicoloxía da liberación, fundador do Instituto de Opinión Pública da UCA para facilitar que se coñecese a verdade e dificultar que esta ficase oprimida pola inxustiza. Cada fin de semana visitaba comunidades suburbanas e campesiñas coas que celebraba a eucaristía. Juan Ramón Moreno, 56 anos, profesor de teoloxía, mestre de novicios e mestre do espírito, acompañante de comunidades relixiosas. En Nicaragua participou na campaña de alfabetización. Amando López, 53 anos, profesor de teoloxía, antigo reitor do seminario de San Salvador e da UCA de Managua. En ambos países defendeu a perseguidos por réximes criminais, ás veces escondéndooos na súa propia habitación. Para rematar, Joaquín López e López, 71 anos, o único salvadoreño de nacemento, home sinxelo e de talante popular. Traballou no colexio e foi o primeiro secretario da UCA en 1965. Despois fundou *Fe e Alegría*, institución de escolas populares para os máis pobres.

Foron moi distintos, pero todos eles foron seguidores de Jesús. É o que nos deixan. Neles podemos mirar-



nos para saber o que debemos ser e facer. Digamos unha palabra sobre o que foi máis seu: seguidores de Xesús. Reproduciron en forma real, non intencional ou devocionalmente, a vida de Xesús. A súa mirada dirixiuse aos pobres reais, aqueles que viven e morren sometidos á opresión da fame, á inxustiza, ao desprezo, e á represión de torturas, desaparecimentos, asasinatos, moitas veces con gran crueldade. E movéronse a compaixón. “Fixeron milagres”, poñendo ciencia, talentos, tempo e descanso ao servizo da verdade e da xustiza. E “expulsaron demos”. Certamente loitaron contra os demos de fóra, os opresores, oligarcas, gobernos, forza armada, e deles defenderon os pobres. Morreron como Xesús, e engrosaron unha nube de testemuñas, cristiás, relixiosos, tamén agnósticos, que deron a súa vida pola xustiza. Estes son os “mártires xesuánicos”; referente esencial para os cristiáns e para calquera que queira vivir humana e decentemente no noso mundo. O seu bautismo foi de Espírito de sangue e seguiron a Xesús. Ellacuría fixo unha relectura dos *Exercicios* desde a realidade do terceiro mundo. Tres puntos parécenme fundamentais: 1) Mirar a realidade do noso mundo e captala

como “pobos que están crucificados”. Ante eles a reacción fundamental -sen necesidade de discernimento- é “facer redención”. 2) Ser honrados con nós mesmos e preguntarnos “que fixemos para que eses pobos estean crucificados e que imos facer para baixalos da cruz?”. 3) Tomar en serio -quizais o máis difícil e menos frecuente- que hai dous modos de camiñar na vida. Son camiños opostos e están en pugna. Un é o camiño

En resumo, un conduce á salvación -humanización- e o outro á perdición -deshumanización. Trátase de gañar ou perder a vida, como di Xesús. Quixera lembrar tamén que “morreron en comunidade”. Puido non ser así, e puidera ser asasinado só Ellacuría, o inimigo principal. Pero hai unha verdade importante -providencial se se quere-, en que a súa morte fora “en comunidade”. Así foi a súa vida e traballo, con alegrías

## Ellacuría non viviu nin morreu para que o brillo da súa figura agoche o rostro de Julia Elba.

da pobreza, que leva a oprobios e menosprezos; hoxe diríamos humillacións, difamacións, ameazas; e de aí á humildade, á fondura do humano, á verdadeira vida. O outro é o camiño da riqueza, que leva aos honores mundanos e vans; hoxe diríamos ao prestixio entre os grandes deste mundo; e de aí á arrogancia, a unha vida falseada, persoal e institucional.

e tensións, con virtudes e pecados, pero seguindo unha soa liña ben trazada.

### **Julia Elba e Celina: o pobo crucificado**

Cos xesuítas morreron asasinadas dúas mulleres: Julia Elba Ramos, 42 anos, cociñeira, pobre, alegre e intuitiva, e traballadora toda a súa



# Horizonte Universal



Para nós son unha bendición: anímannos a entregarnos aos demais e a termos esperanza.

vida. E a súa filla Celina, 15 anos, activa, estudante e catequista; co seu noivo pensaran comprometerse en decembro de 1989. Quedaron a durmir na residencia dos xesuítas, pois alí sentíanse máis seguras. Pero a orde foi “non deixar testemuñas”. Nas fotos nótase o intento de Julia Elba de defender á súa filla co seu propio corpo.

Como Julia Elba hai centenaes de millóns de homes e mulleres no noso mundo. Son inmensas maiorías que perpetúan unha historia de séculos: na América conquistada e depredada polos españois no século XVI; na África escravizada xa no século XVI e espoliada sistematicamente polos

europes no século XIX; no planeta que sofre hoxe a globalización opresora baixo a éxida de Estados Unidos. Morren a morte rápida da violencia e da represión, e sobre todo a morte lenta da pobreza e da opresión.

“Hai máis riqueza na Terra, pero hai máis inxustiza. África foi chamada “o calabozo do mundo”; unha “Shoá” continental. 2.500 millóns de persoas sobreviven na Terra con menos de 2 dólares ao día e 25.000 persoas que morren diariamente de fame, segundo a FAO. A desertización ameaza a vida de 1.200 millóns de persoas nun cento de países. Aos emigrantes éles negada a fraternidade, o chan baixo os pés”. Estas palabras de Pedro Casaldáliga son do ano 2006. Nin o G-7, nin o G-8, nin agora o G-20, fixeron

nada significativo para reverter esta historia.

Eles son “o servo doente de Iavé” nos nosos días; “o pobo crucificado”; linguaxe que non é usada, e que politicamente é “totalmente incorrecta”. Os seus homes e mulleres morren inocentemente, pois non cometeron o “pecado” de Monseñor Romero ou Ignacio Ellacuría, simplemente estaban alí. Morren cruelmente, con gran frecuencia logo dunha vida de grandes sufrimentos. Viven e morren anonimamente. E morren indefensamente. En serio, quen defende eses pobos? Quen arrisca algo importante para baixalos da cruz?

Os mártires xesuánicos -algúns- son

coñecidos e venerados, pero non o pobo crucificado. Peor aínda, si, aínda sen pretendelo, aqueles ocultan a estes. Ellacuría non viviu nin morreu para que o brillo da súa figura opaquen o rostro de Julia Elba.

Pode parecer absurdo, pero preguntéime quen é máis mártir, Ellacuría ou Julia Elba, quen reproduce máis a cruz de Xesús. Os mártires xesuánicos expresan mellor a decisión e a liberdade para arriscar a vida, pero expresan menos a negrura da inxustiza cotiá, a dificultade simplemente de vivir. A morte das maiorías asasinaadas, pola súa banda, expresa menos o carácter activo de loita, pero expresa máis a inocencia histórica, pois nada fixeron para merecer a morte. Esas maiorías son as que máis cargan cun pecado que as ha ir aniquilando aos poucos en vida e definitivamente en morte. Son as que mellor expresan o inxente sufrimento do mundo.

## A graza dos mártires

A súa vida e a súa morte son de gran dureza, e por iso as miñas palabras poden soar fortes. Pero tamén é verdade que a eles se dirixen as benaventuranzas de Xesús. E que para nós son -poden ser- unha bendición: anímannos a entregarnos aos demais e a ter esperanza, ánimo que non se atopa, con esa forza, en ningunha outra parte, nin na liturxia nin na actividade da academia.

E contra toda ciencia e prudencia, os mártires xeran esperanza. Miles de labregos pobres, con familiares mortos, xúntanse a véspera do 16 de novembro na UCA para celebraren uns cos outros, rezar e cantar. Jürgen Moltmann teorizou moi ben: “non toda vida é ocasión de esperanza, pero si o é a vida de Xesús, quen, por amor, tomou sobre si a cruz”. Bocata: E “expulsaron demos”, os demos de fóra, os opresores, oligarcas, gobernos, forza armada, ...

# Ás furtadelas



A Lei quitoume todo o que tiña: libros, mobles, cadros, dereitos de autor das obras publicadas, dereitos das pezas de teatro, todo, desde *O príncipe feliz* ata o felpudo da casa, e tamén todo o que poida ter no futuro. (...) E o que aplican a un home en bancarrota vale para todos os homes. Todo ten un prezo. Mesmo ti –con todas as túas arelas de liberación absoluta de obrigas- mesmo ti, algún día terás que reflexionar seriamente

sobre o que fixeches e intentar, aínda que sexa inútil, algún tipo de reparación. O feito de non seres capaz de facelo será parte do teu castigo. Non podes lavar as mans de responsabilidades e pasar, cun encollemento de ombros e un sorriso, a un novo amigo. (...) Ou ben hoxe, ou mañá, ou calquera outro día terás que darte conta. Doutra forma poder morrer sen facelo e entón, que vida sen imaxinación, ruín e falta de todo terías levado! Lembra que a imaxinación é a cualidade que permite comprender as cousas e as persoas tanto nas súas relacións físicas como espirituais.

Óscar Wilde, *De profundis* (Longa carta escrita ao seu amante Alfred Douglas durante a súa estancia na prisión de Reading, acusado de homosexualidade)

# http://

<http://leer.es>

desde aquí entramos nunha plataforma creada desde o Ministerio de Educación co apoio da RAE e do Instituto Cervantes que pretende transmitir o entusiasmo pola lectura e animar á súa práctica, así como achegar materiais e consellos para os docentes e as familias.

[http://www.time.com/time/specials/packages/article/0,28804,1934027\\_1934003\\_1933945,00.html](http://www.time.com/time/specials/packages/article/0,28804,1934027_1934003_1933945,00.html)

enlace á lista dos 50 mellores inventos do ano: desde o foguete espacial Ares ata un ollo eléctrico, pasando por altavoces plegables e coches de carreiras comestibles.

<http://www.desdecuba.com/generaciony>

blog dun matrimonio cubano crítico co réxime castrista e de recente actualidade polo seu intercambio público de opinións con Obama.

## Como dicíamos onte...

### Escoitar os xordos

Non é correcto dirixirnos ó neno xordo como xordomudo. A fala apréndese principalmente polo ouvido, e a gran maioría dos nenos xordos, se non falan, non é porque sexan mudos, senón porque están privados da principal ferramenta pra aprender a linguaxe que é o

oído. Pero unha educación continua e especializada pode axudar a que un xordo “escoite” o suficiente pra entender a fala, e en moitos casos tamén pra chegar a falar.

Convén tamén ter en conta que por riba da súa xordeira, o xordo é unha persoa, e debe ser tratada con normalidade.



De “Terra e xente”. *Irimia* nº 56 (28 de novembro de 1982)

# Ópinión O que é un fillo?

Feli Alonso Curiel



É ese ser que che fai descubrir o amor case infinito que aniña no corazón de cada nai e pai. Un amor que é gratuíto e que che fai saborear o amor que sentiron os teus pais cara a ti e que ata ese momento non captaras en toda a súa densidade. Un amor que, sen ser expresado excesivamente con palabras ao longo da vida, se manifesta en miradas contemplativas, en pensamentos, en renunciadas caladas, en ilusións compartidas, en satisfaccións aclamadas.

Un fillo é ese ser a quen arrolas, a quen ensinas a andar, camiñas con el agarrándoo da man e sóltalo, con gozo, cando comprobas que o seu paso na vida é máis rápido ca o teu.

Un fillo é ese rostro onde descubres os trazos físicos de dous corazóns sumados que se aman entre eles e que se multiplican con el. Que sendo a conxunción de dúas bioloxías, dúas psicoloxías, é único e irrepitíbel.

Cando nace un neno a terra enteira vibra exultante para un grupo de persoas. O máis importante que pode acontecer no mundo, durante o tempo de espera para os seus pais, é que naza con ben ese ser que con tanto cariño esperaron durante nove meses. Entre ese ser pequeno e eses pais tecerese unha urdidreira imposible de fracturarse porque un fillo é unha prolongación do corpo duns

pais. Os seus ollos buscaranse coma os dos namorados durante os primeiros anos da vida. O neno quizais os ame porque os necesita; os seus pais necesitarano porque o aman. Verán cos ollos do seu fillo todo o que eles contemplan.

O amor paternal e maternal non é un amor posesivo senón xeneroso. Conserva coidadosamente todas as cousas do seu fillo no seu corazón. Coñéceno mellor que se coñece o mesmo fillo. Non saberán de perdóns porque non saberán de ofensas. As entrañas dunha nai e dun pai non saben de ofensas.

Se Deus é Pai e Nai ten que ter entrañas maternais; e o Ceo ten que ser como unha mirada eterna e arroubada de Deus cara a cada un dos seus fillos. Na miña imaxinación non se me ocorre nada máis pleno.

Hai algo máis dadivoso que mirar un neno? Nesa mirada baleirámonos de orgullo, de vaidades, de impulsos agresivos e petulantes. Un neno arrebatáanos pola súa tenrura, pola súa indixencia, pola súa fragilidade. Arrástranos tanto a súa inocencia que ata cometemos a licenza de dicirlle: Comeríate!

Por un acaso o abrazo de Deus, Pai e Nai, máis alá da morte, non é un abrazo tan efusivo que chega a fundirnos nel sen deixar de ser nós?

Qué pobre é a linguaxe cando falamos de Deus e do amor.



# A aquela Luz vermella

Bea Cedrón



Ás veces non reparamos nas cousas porque a linguaxe do sutil, do latente, do que non se di é a máis eficaz aliada da ignorancia, do descoñecemento, do que se esquece. Algunha vez aquelei aquilo de que “o que non se nomea non existe”. E volvo recuncar, e desta volta miro cara a lugares que teñen nomes “por fóra” como “Bolboreta”, “Eros”, “Scorpio”,... ou a rutas enteiras, como “a ruta do polvo” pero que ocultan o nome do que sucede “por dentro”. E, a falta de substantivos, e para sermos obxectivas, segundo os modelos ao uso, botemos man da estatística:

No estado español:

Hai máis de 300.000 prostitutas.

Ao día realízanse un millón de “servizos”.

Un 40% de varóns indicou ter acudido a prostíbulo nalgunha ocasión.

Os xornais ingresan ao ano un total de 40 millóns de euros en concepto de anuncios por contactos.

Se quedamos a caronciño, acó pola terra, resulta que os empresarios galegos da prostitución facturan máis do que a empresa Pescanova.

Para que nos vaiamos situando: no estado español, o negocio da prostitución move **18.000 millóns de euros** ao ano, tendo en conta só o pagamento de cartos en troques de prestacións sexuais.

Que negocio tan produtivo.... Mágoa que:

A prostitución constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais da persoa.

A pobreza, a dependencia, unha educación inaxeitada, a falta de vivenda, a adición ás drogas, a discriminación racial e sexual, a decepción, a desmotivación, a marxinalidade... están detrás das historias persoais das nenas e mulleres que se prostitúen (si, hai outras prostitucións, pero estamos a referirnos á maioritaria).

A maioría das vítimas da prostitución son mulleres e nenas, namentres que os consumidores, traficantes e proxenetas son habitualmente homes. A prostitución é un exercicio de dominación de xénero (poder/submisión); un exercicio macabro, insán, desigual e humillante de abuso de poder. É violencia contra a muller. É escravitude da muller.

Entón: de verdade que hai mulleres que “elixen” ser prostitutas, por máis que afirmen tal cousa? É a prostitución o oficio máis antigo do mundo ou, como dixo alguén, a forma máis antiga de violencia? Expresións como: “traballadoras do sexo” dignifican as mulleres prostitutas ou os chulos, proxenetas e traficantes, como reclaman as asociacións que loitan contra esta peste, e nos recordan ao tempo que vivimos no mundo ao revés?

Temos o país sementado de luces vermellas. O custo de acendelas págase en almas.

# O noso taboleiro

## A Romaxe de Crentes Galegos premio Xoán Manuel Pintos



A Romaxe –e con ela toda Irimia– é outra vez agasallada cun bonito recoñecemento. O premio Xoán Pintos, en homenaxe ao escritor e xurista do Rexurdimento galego, galardón que foi recollido por Rubén Aramburu este 23 de novembro, é un recoñecemento público por unha traxectoria a prol do idioma galego.

O premio promóveo a Concellería de normalización lingüística do Concello de Pontevedra xunto coa Rede de Entidades Amigas da Lingua, REAL. De acordo co xurado a Romaxe leva “fomentando desde a fe o compromiso coa lingua e coa cultura galegas”, e salienta que leva máis de 30 anos traballando para que nas escolas e na Igrexa o uso da lingua galega sexa normal.

Xunto con Irimia recibe o premio a empresa local “ReiZentolo” que, desde Pontevedra, “conseguiu innovar o ámbito do téxtil con deseños e creacións na nosa lingua que teñen un forte vínculo coa cultura e a retranscrición galegas”.

### IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíalo ó Apartado 980 15705-Santiago de Compostela, ou escribenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
 ENDEREZO: .....  
 CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
 TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 24 €   
 De apoio: 36 €  Subscrición anual (22 números)  
**QUERO SER 60x100:** 60 €

**DOMICILIACIÓN**  
 BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
 DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
 CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
 Nº de CONTA: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 200\_\_\_.  
 Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
 Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822  
 BBVA 0182-0267-15-0207905484



Elacuría: 20 anos de presenza

**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Linares Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrán Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

**SUBSCRICIÓN:** ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es)

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>

# Boa Nova



A PALABRA

A CLAVE

## DOMINGO 7 DE DECEMBRO. 2º DOMINGO DE ADVENTO Mc 1, 1-8

Principio do evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías: “Eu enví o meu mensaxeiro diante de ti, para preparar o teu camiño. Unha voz clama no deserto: “Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus sendeiros”. Xoán bautizaba no deserto e pregaba o bautismo de arrepentimento, para que se lles perdoasen os pecados. Acudía a xente de Xudea e de Xerusalén, e todos eran bautizados por el no río Xordán, confesando os seus pecados. E Xoán andaba vestido de pel de camelo e cun cinto de coiro arredor do seu lombo, comendo saltóns e mel silvestre. E proclamaba: “Detrás de min vén aquel que é máis forte ca min, do cal non son merecente de abaixarme para desatarlle a correa das sandalias. Eu bauticeivos con auga; el, porén, bautizaravos co Espírito Santo”

### Todas e todos verán a salvación de Deus

A presenza de Xoán Bautista no comezo do itinerario de Xesús nos evanxeos e de suma importancia. A súa predicación vai contrastar coa que logo Xesús fará, pero asemade vai a ser o punto de arranque do canle pola que discorrerá a menxase do mestre.

Dúas palabras son clave no texto de hoxe: deserto e perdón dos pecados. Ambas poñen a nosa mirada nas marxes ás que eran enviados/as todo/as aqueles ou aquelas que a sociedade consideraba afastados/as de Deus. Estes conceptos falaban de culpa e invisibilidade. Os/as pecadores eran aquelas persoas que a sociedade consideraba que perderan o favor divino e o deserto simbolizaba ese lugar ermo, cheo de a soidade e tentación onde habían de habitar todos/as aqueles/as que eran rexeitados/as pola comunidade.

O texto do profeta Isaías que centra a narración trae ao presente algo esquecido por moitos dos que dirixían a relixión: Deus anuncia a salvación de todas as persoas, dálle a volta a todo o establecido. O perdón e a presenza no deserto da voz de Deus descobre un novo modo de ver a realidade, anuncia a esperanza aos/ás que estaban perdidos/as.

Esta vai a ser a Boa Nova que Xesús predica, mais non do mesmo xeito que o fixera Xoán. Xesús non espera que chegue a conversión, el mostra o amor gratuito de Deus, que cambia a paisaxe da nosa vida e deixa fora calquera condena, e habita calquera deserto.

Os evanxeos na persoa de Xoán Bautista vinculan a Xesús coa súa tradición xudía pero, a un tempo, deixan xa percibir ao lector a novidade que Xesús vai representar.

“Ni está ni se le espera”, din que dixo o recentemente falecido S. Fernández Campo cando lle preguntaron sobre a presenza do xeneral Armada na Zarzuela a noite do 23-F. Unha frase que xa aparece recollida nos libros de historia, non se sabe se máis pola súa mediática sonoridade ou pola súa real transcendencia, no epílogo da Transición á democracia en España. Por estas datas a nós tamén nos chaman, desta volta non para participar nun golpe de estado, mais si para compartir activamente unha revolución. Nin máis nin menos, por moito que nos parecen palabras maiores. Mentres os andeis dos supermercados se enchen prematuramente dos produtos típicos do Nadal, o advento pasa silandeiro polo calendario convertido nunha especie de reliquia litúrxica. Outro ano máis temos diante nosa un tempo de esperanza onde, se non nos despistamos, poderemos gozar da chegada dunha realidade realmente revolucionaria, ante a cal, os fastos tan conmemorados como a caída do muro de Berlín serán tan anecdóticos como o día que caeu unha pedra do muro do meu veciño. E cando nos pregunten contaremos que eu si que estiven alí.

José A. Martínez

OEEO

Carme Soto

# Falando da lingua Ben falado!

Lidia e Valentina

Hai tempo un amigo lector enviounos un correo para avisarnos de que no *Ben falado!* saíra unha carta dunha espectadora que ao mellor nos podía servir para a nosa sección. Por esas cousas da actualidade foi pasando o tempo e a carta non saíu. Hoxe reproducímola, xa non só como cortesía co noso lector, senón tamén coma unha homenaxe a ese “microespazo” que presentaba Ferro Ruibal, irimego el, e que, parece, caeu da programación da TVG.



Boas tardes,

Son unha emigrante retornada que hoxe con 70 anos escribe en galego por vez primeira. Acabo de tomar, como todos os días, o meu café co *Ben falado!* e dixen que de hoxe non pasaba sen vos poñer unhas letras. Vivín moitos anos en Suíza, a convivencia con africanos e asiáticos fíxome ver que eu era europea, o trato cos suízos convenceume de que eu era española. Por razóns familiares vivín tamén uns anos en Toledo e aí acabeime de convencer de que son galega. Nós sentimos todo doutro xeito e para nós son importantes cousas que en Toledo, en Suíza, na India ou no Congo non importan nada e as cousas que para eles son sagradas, para nós non o son. O *Ben falado!* foime convencendo día por día de que toda esa diferenza se concentra na lingua, que aí está a nosa maneira de ser e sentir. Se cadra é por iso polo que aínda que me esforcei en aprender alemán, francés e español, eu fóra de Galicia nunca cheguei a ser da casa. Entendino cando contastes a diferenza entre que María lle dixese ao mociño Xesús “Meu filliño” e non “Hijo mío”. A min chégame a dentro o “meu filliño” non sei como dicilo, pero “Madre mía” non me di o mesmo que “Miña naiciña”. “O galego é a lingua do cariño” como dixo no programa unha moza polaca, por iso me toca o corazón esas criaturas ó ver como o falan. Os vosos ditos fanme escoitar ao meu avó. Se algo aprendín polo mundo é que só triunfan aqueles que teñen confianza en si mesmos, os acomplexados nunca saen da miseria. Cando explicastes os problemas que viviu o inglés e como saíu a flote vin o presente e o futuro do galego e convencinme de que os galegos non gañamos nada con agochar a lingua que é a nosa alma. Ata hoxe falaba o galego con quen mo falaba, hoxe decidín tomar eu a iniciativa de falalo.

Graciñas, desculpade que vos conte esta pouca cousa. O meu pai para agradecer algo dicía beizón, así que, beizón polo *Ben falado!*

## O Fachineiro do cine

### Capitalismo: unha historia de amor.

Acaba de rematar Cineuropa en Santiago e unha das películas que máis gustaron a este fachineiro foi *Capitalismo: unha historia de amor* de Michael Moore, un documental centrado na crise. Achéganos unha visión centrada no seu país, Estados Unidos, onde o capitalismo salvaxe substitúe a democracia. Un asiste abraiado ás declaracións ante a cámara dun columnista do *Wall Street Journal* que di que está ben que a xente vote e tal, pero que el non cre moito da democracia: el cre no capitalismo. Outro informe suxire, simplemente, que os pobres non deberían votar. O panorama presentado é desolador, fábricas que despiden a todos os seus empregados, que lles fan un seguro de vida que cobran as empresas e non as súas familias,



hipotecas salvaxes auspiciadas por Greenspan que provocan a perda das casas na que a familia viviu toda a súa vida, unha plutocracia manexando o Capitolio... e unha luz de esperanza coa elección de Obama froito dun clamor social. En EEUU cada día milleiros de persoas quedan sen traballo e sen casa, pero o capitalismo é presentado como o mundo da liberdade de oportunidades. Destaca na película a postura comprometida dalgúns representantes da Igrexa, por exemplo, o bispo dunha cidade industrial que se achega a un encerro de traballadores que ían ser despedidos para apoialos. Unha realidade que non resulta difícil comparar coa nosa. A película, imprescindible.

A.Q.